

## Recuperar a emoción de ver o ceo


*Ángel Valverde Pampillón.*

De neno tiven a sorte de nacer e vivir nunha aldea na que, ao caer a noite, o ceo estrelado se impoñía como unha realidade que non podías ignorar. As estrelas eran unha presenza cotiá que formaban parte da nosa paisaxe nocturna, de igual maneira que os montes ou os ríos o facían da paisaxe diúrna.

Aínda me lembro do meu pai, explicándome con paciencia, as constelacións máis importantes do ceo: as Osas, Casiopea, o Escorpión, A Coroa Boreal, o Golfiño... ou como recoñecer os planetas visibles: Marte é vermello, Venus é o luceiro da mañá ou da tarde, os planetas non escintilan mentres as estrelas si o fan... ou ensinándome a coñecer se a Lúa crecía ou mingaba: "cornos ao oriente cuarto crecente". Así, pouco a pouco, o ceo foi resultándome coñecido, as figuras das constelacións permitíanme orientarme e ir entendendo a xeografía celeste, facendo do firmamento un territorio próximo e coñecido.

Logo, pouco a pouco, os tempos foron avanzando, as casas melloraron as súas condicións de habitabilidade e confort, a aldea foise enchendo de coches, os camiños mudaron en rúas asfaltadas alumeadas por farolas. Polas noites os recunchos escuros, propicios aos medos infantís, foron desaparecendo substituídos por unha claridade alegre e tranquilizadora. A vida, que dúbida cabe, foise facendo mais cómoda para todos, pero ao mesmo tempo a presenza do ceo foi esmorecendo con cada farola e con cada luz ata practicamente desaparecer do todo.

Hoxe, mesmo vivindo no rural, temos poucas posibilidades de gozar da beleza dun ceo escuro, cheo de estrelas, cruzado pola cicatriz de luz da Vía Láctea, no que poder contemplar as variacións do firmamento ao longo da noite e co pasar dos meses.



*Telescopio do Observatorio de Cotobade*

Paradoxalmente, co avance dos medios científico-técnicos, temos ao noso dispor imaxes celestes, cada vez de máis resolución e de máis calidade, dos diferentes obxectos celestes. O telescopio Hubble e os grandes telescopios terrestres escudriñan o ceo e amósannos imaxes sorprendentes de corpos celestes cada vez máis distantes.

Este dobre proceso, de afastamento do ceo "en directo" e do bombardeo de información e imaxes provenientes dos medios de comunicación e dos libros, dannos unha falsa imaxe de irrealidade: é como se as estrelas non estivesen aí, como se só puidésemos velas a través de fotografías. É como se non estivese na nosa man desfrutar da beleza do firmamento, ata tal extremo que poucas persoas considerarían hoxe un bo plan saír un día pola noite, coller o coche e afastarse das zonas habitadas para buscar un recuncho escuro no que contemplar a harmonía dun ceo estrelado. Por certo que, dalgunha maneira esta especie de distorsión da realidade prodúcese tamén con todo o que se refire ao medio natural, por exemplo: todos coñecemos, polos fantásticos documentais que vemos na televisión, toda clase de especies animais exóticas pero moitos menos temos visto "cos nosos ollos" unha denociña, unha raposa, un lobo, un xabarín ou un tourón, malia a que estean convivindo con nós, a poucos quilómetros das nosas casas.

Cada vez máis imos confundindo a realidade co que aparece nos libros, na televisión ou en Internet. Poucas persoas son coñecedoras, por exemplo de que "a ollo nu", sen necesidade de ningún instrumento de observación, podemos

contemplan, nunha noite escura, obxectos celestes como o dobre cúmulo estelar de Perseo, que está a 7600 anos luz, ou a galaxia de Andrómeda situada a “carreiriña dun can” de dous millóns de anos luz.


É certo que estes obxectos distantes son observables, “a ollo nu”, só como puntiños difusos, pero a axuda de calquera tipo de prismáticos, dos de rúa, dos que utilizamos de maneira habitual, permítenos deleitarnos cun espectáculo que está aí, representándose para nós, sen que nós o percibamos.

Neste contexto, instalacións como o Observatorio de Cotobade, ou o de Forcarei, veñen a servir de alicerce para promover un novo contacto, vivo e en directo, co Universo no que estamos somerxidos. Estas instalacións están situadas en paraxes escuros, afastados da contaminación lumínica, de tal xeito que o mero feito de achegarse a eles unha noite de pouca lúa, xa nos permite un contacto co firmamento, unha recuperación das emocións que de neno nos producía o poder recoñecer as constelacións e pasearnos polas características propias do ceo de esa noite. Ademais podemos contar coa axuda dos afeccionados á Astronomía que alí están, para axudarnos nesa tarefa.


Pero unha visita ao observatorio ofrécenos, ademais, a posibilidade de poñer o noso ollo no ocular dun telescopio de tamaño medio e percibir as diferentes escalas de magnitude do Universo.

Podemos empezar polo máis preto a nós, o Sistema Solar, e observar a Lúa cun detalle que non imaxinamos, os planetas que estean visibles esa noite, os aneis de Saturno, as bandas nubosas e as lúas de Xúpiter ou, se temos sorte, algún cometa ou algún dos asteroides máis grandes.

Saíndo un pouco máis lonxe, podemos observar obxectos da nosa galaxia, a Vía Láctea, tales como fermosas estrelas dobres de tenues cores, cúmulos abertos, cúmulos globulares, auténticos grumos de centos de milleiros de estrelas, nebulosas difusas nas que están a nacer novas estrelas ou, pola contra, nebulosas planetarias resultado da morte violenta de estrelas desaparecidas hai miles de anos.




*Cometa 17P/Holmes, pouco despois da súa explosión no seu paso en 2007*



*Galaxia do remuíño (M51), na constelación dos Lebreles, situada a trinta e sete millóns de anos luz.*



*Cúmulo aberto NGC 6991, na constelación do Cisne.*



*Nebulosa planetaria do anel (M57), na constelación da Lira, a deixada tras a desaparición dunha estrela hai miles de anos.*



*Cúmulo globular M92, a vinte e seis anos luz, na constelación de Hércules, formado por unhas trescentas trinta mil estrelas.*

Agora as distancias dos obxectos xa empezan a ser notables. Estamos a falar de obxectos situados, ás veces a milleiros de anos luz, é dicir, a luz que nós vemos polo ocular do telescopio saíu da estrela ou do obxecto que observamos hai milleiros de anos e tardou todo ese tempo en chegar a nós. E a luz vai tan rápido que só tarda un segundo en chegar da Terra á Lúa!

Pero podemos chegar a ver aínda máis lonxe. Podemos mirar outras galaxias, tan distantes que a súa tenue luz, que chega a nós hoxe, saíu delas antes de que apareceran os primeiros homes sobre a Terra... ¡unha verdadeira vertixe!

Pois ben, esta é a experiencia que nos ofrece unha visita ao Observatorio de Cotobade. E penso que

podemos asegurar que a parte intelectual desta experiencia non é, precisamente, a que máis nos vai sorprenden. Por suposto que resulta de interese poder contemplar os obxectos do firmamento, sendo conscientes do que estamos vendo, das enormes distancias que nos separan deles, e do feito de estar usando unha verdadeira "máquina do tempo" que nos permite observar o pasado, pero a contemplación do ceo nunha noite estrelada, sexa "a ollo nu", cuns prismáticos ou a través dun telescopio é tamén, e principalmente, un pracer estético que nos permite entrar en verdadeira comunión co Universo que nos rodea, e que nos fai percibir unha fonda sensación de paz e de harmonía, así como a nosa catividade fronte á inmensidade do Cosmos.

### DATOS PRÁCTICOS

O Observatorio de Cotobade está situado no lugar da Poza, no Monte Coirego, en Cotobade.

Foi promovido pola Asociación Cultural e Medioambiental Cañón de Pau, coa colaboración da Comunidade de Montes de Carballedo e da Asociación Astronómica Sirio.

Para a súa construción contou cunha subvención da Xunta de Galicia.

Na actualidade está sendo xestionado pola Asociación Astronómica Sirio.

#### Para poñerse en contacto con nós:

[www.asociacionsirio.org](http://www.asociacionsirio.org)  
[a.sirio.pontevedra@gmail.com](mailto:a.sirio.pontevedra@gmail.com)  
 Tfno: 679802452

#### Enderezo postal:

Observatorio de Cotobade  
 Lugar da Poza  
 36856 Cotobade



*Observatorio de Cotobade*